

# 25 de novembro

## Día internacional para a eliminación da violencia contra as mulleres



### CONCURSO DE FOTOGRAFÍA "FOTOS POLA IGUALDADE"

Con motivo da celebración do 25 de novembro, Día internacional para a eliminación da violencia contra as mulleres; o Grupo de acción costeira Ría de Vigo - A Guarda (en adiante GAC 7) convoca un concurso de fotografía que ten como obxecto a promoción da igualdade e a prevención da violencia de xénero.

As fotografías gañadoras pasarán a formar parte do deseño dun calendario para o ano 2014 do que se editarán 5000 unidades.

#### TEMÁTICA:

- A temática das fotografías a presentar versará sobre calquera aspecto relacionado co mundo da igualdade de xénero, fomentando a sensibilización da cidadanía cara a eliminación de roles e estereotipos de xénero e a prevención da violencia de xénero.

#### CRITERIOS DE VALORACIÓN:

- A orixinalidade da imaxe.
- A concienciación en igualdade de xénero.

#### PREMIO:

- Concederáse 10 premios, un por cada concello Integrante do GAC 7. Os concellos son os seguintes: A Guarda, O Rosal, Oia, Baiona, Nigrán, Cangas, Moaña, Vilaboa, Soutomaior e Redondela.
- Cada premio consistirá nun paquete turístico "Come o mar" valorado en 150 € a escoller entre as ofertas dos Concellos do GAC 7 na páxina web [www.comeomar.com](http://www.comeomar.com). Ademais cada persoa gañadora recibirá o calendario 2014 impreso.
- No caso de que resulte premiada unha persoa menor de idade, o premio será recollido pola súa nai/pai ou titor/a legal que terá que acreditar o parentesco.
- O concurso poderá ser declarado deserto polo Xurado por causas debidamente xustificadas.

#### CALENDARIO E EXPOSICIÓN:

- A presentación dunha fotografía a este concurso supón a autorización expresa da súa reprodución en calquera formato que se estime necesario con fins de promoción do certame; especialmente no referido á súa promoción, difusión, comunicación e exhibición, incluídos exposicións, catálogos, redes sociais e páxinas web.
- Con todas as fotografías presentadas realizarase unha exposición online [www.flickr.com/photos/gac7/](http://www.flickr.com/photos/gac7/)
- Coas fotografías gañadoras do concurso realizarase un calendario para o ano 2014 do que GAC 7 editará 5000 copias. Cada concello estará representado no calendario por unha fotografía.

#### PARTICIPANTES E FOTOGRAFÍAS:

- Poderán participar todas as persoas maiores de 12 anos que estean empadroadas nun concello pertencente ao GAC 7 ou que estean escolarizadas nun centro educativo pertencente ao GAC 7.
- Cada persoa pode participar cun máximo de 3 fotografías no concello onde estea empadroada ou escolarizada.
- As fotografías presentadas poderán ser en cor ou branco e negro.
- As obras deberán ser orixinais, inéditas e non ter sido premiadas nin recoñecidas ou seleccionadas noutros certames. Asemade, deberán estar libres de dereitos que poidan posuír terceiros. O GAC 7 reserva o seu dereito a esixir a quen sexa participante que acredite a súa titularidade das obras. A persoa participante faise plenamente responsable do contido das fotografías con total indemnidade da organización do concurso.
- Non poden participar no concurso as persoas empregadas no GAC 7, así coma as empregadas dos CIM ou concellarías de igualdade dos concellos participantes. Nin seus familiares en primeiro grao.

# 25 de novembro

## Día internacional para a eliminación da violencia contra as mulleres



### FORMA DE PRESENTACIÓN:

- As fotografías serán enviadas á dirección de correo electrónico: [concursogac7@gmail.com](mailto:concursogac7@gmail.com)
- No asunto do correo electrónico debe aparecer en primeiro lugar o nome do concello polo que se participa e a continuación o título da fotografía.
- Na mensaxe do correo electrónico teñen que aparecer unicamente os seguintes datos: nome e apelidos da persoa participante, enderezo de correo electrónico, enderezo postal, DNI, ano de nacemento, número de teléfono e concello de empadramento/escolarización
- A fotografía enviarase como arquivo adxunto en formato .jpg. Non se admitirá outros formatos. O tamaño da fotografía debe ser superior a 3 MB e inferior a 10 MB. O arquivo adxunto .jpg da fotografía debe chamarse igual que o asunto do correo electrónico.
- Cada persoa pode participar cun máximo de 3 fotografías no concello onde estea empadroada ou escolarizada, pero cada correo electrónico ten que conter unha única fotografía como arquivo adxunto.
- Enviarase un correo electrónico de confirmación de lectura.
- Calquera envío ou fotografía que non se axuste ás presentes bases será descartado automaticamente polo xurado.

### PRAZO DE ENTREGA:

- O prazo de recepción de fotografías comeza o 1 de novembro e remata o día 25 de novembro. Presentación do material ata o último día do concurso ás 14:00 horas.

### XURADO E FALLO:

- Cada Concello valorará as fotografías enviadas unicamente ao seu Concello. O xurado de cada Concello estará composto pola directora do CIM ou persoa cualificada similar, a Concelleira/o de Igualdade e unha persoa experta en fotografía ou persoa na que deleguen.
- O fallo do xurado darase a cofecer o 29 de novembro do 2013 nos medios de comunicación, ademais de comunicarse persoalmente á persoa gañadora por teléfono. O fallo sairá publicado na web [www.accioncosteira.es](http://www.accioncosteira.es)

### DEREITOS PATRIMONIAIS DE EXPLOTACIÓN DA FOTOGRAFÍA PREMIADA:

- De conformidade co previsto na Lei de Propiedade Intelectual, as persoas gañadoras, sen prexuízo dos dereitos morais que lle corresponden, cede ao GAC 7, con carácter de exclusividade, os dereitos patrimoniais de explotación da fotografía gañadora.

### ACEPTACIÓN DAS BASES:

- A participación neste concurso supón a aceptación total das presentes bases e fallo do Xurado. O Xurado queda facultado para dirimir calquera eventualidade non prevista nelas.
- A organización non atenderá chamadas telefónicas nin responderá as consultas orais ou escritas sobre o concurso. As persoas participantes deberán esperar á publicación do fallo do xurado.